



BASES PARA O CONCURSO CANTALINGUA

1. Cantalingua é un concurso musical destinado a bandas ou solistas que desenvolven a súa actividade en galego, organizado polo Correlingua.
2. Poden participar grupos musicais ou solistas de calquera estilo que teñan o galego como lingua.
3. Poderase participar cunha canción por cada grupo ou solista que será enviada en formato mp3 a correlingua@gmail.com antes das 24 h do 31 de maio de 2021.
4. A canción que se presente deberá ser orixinal -fican excluídas as versións- e **integralmente** en lingua galega. Valorarase especialmente que se trate dun tema creado para a actividade.
5. Excluíranse as cancións que teñan contidos de carácter sexista, homófobo, racista, violento, discriminatorio, en definitiva, contidos inadecuados ou contrarios aos fins pedagóxicos e educativos do Correlingua ou que a organización considere pouco adecuados para o público destinatario.
6. Ademais do tema en formato MP3 deberase enviar unha pequena presentación da banda ou solista e unha fotografía, e indicar un enderezo electrónico e teléfono de contacto.
7. As cancións participantes colgaranse na páxina correlingua.gal/cantalingua/ e publicitaranse por outras canles e redes sociais para que cheguen ao maior número de persoas posíbel.
8. O **xuri** estará integrado por alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato de centros participantes no Correlingua e por membros da organización do Correlingua, e determinará os grupos ou solistas gañadores.
9. Os gañadores serán dados a coñecer en xullo de 2021 a través da páxina do Correlingua.

- 10.** O premio consistirá en actuar dentro da programación do Correlingua. As actuacións repartiranse entre os tres primeiros clasificados de maneira equitativa, cunha remuneración de **1.000€ brutos** por actuación. No caso de que algún dos gañadores non puidera participar nalgún dos concertos a lista iría correndo até completar todas as datas cos grupos que ficasen entre os 5 primeiros.
- 11.** Todos os concertos serán pola mañá, entre o 18 de outubro e o 30 de novembro de 2021 e terán unha duración aproximada de trinta minutos nos concertos compartidos e 50 minutos nos feitos en solitario.
- 12.** Os grupos seleccionados comprométense a que todo o concerto e a comunicación dos grupos que actúen no Correlingua sexa integramente en galego. As letras deberán ser axeitadas ao carácter pedagóxico da actividade e á idade do alumnado que vai de infantil a secundaria. O comportamento e a linguaxe empregada durante as actuacións debe axustarse ao público.
- 13.** En caso de incumprimento do punto anterior a organización do Correlingua reserva para si o dereito de cancelar os seguintes concertos do grupo e anular o premio concedido inicialmente.
- 14.** A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

Correlingua
www.correlingua.gal
Facebook, Instagram: Correlingua
[Avenida de Lugo 2A](#), entresollado A
15702- Santiago de Compostela
tlf: 698180557